

**ACTA 1. CONSTITUCIÓN TRIBUNAL PARA UN CONTRATO EN
PRÁCTICAS NA CATEGORÍA LABORAL OPERADOR DE CÁMARA EN
TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.**

Reúnense no edificio da Compañía de Radio-Televisión de Galicia os membros do tribunal para unha proba para un contrato en prácticas na categoría laboral OPERADOR DE CÁMARA en Televisión de Galicia, S.A.

O tribunal está composto por:

Victorino Lourido García, cámara de primeira en TVG (presidente)
Rebeca Batallán González, operadora de cámara de TVG
Luz Méndez Fernández, lingüista de TVG
Paulino Novo Folgueira, Xefe de Formación, Selección e Coordinación Lingüística (secretario).

DEFINICIÓN DE CATEGORÍA OPERADOR DE CÁMARA

Opera e manexa, con probados coñecementos, todo tipo de cámara, estando capacitado para realizar calquera tipo de plano e encadramento que non requira movementos por medios mecánicos alleos á cámara e ó trípode, podendo empregar estes medios mecánicos, para efectos de formación, nas producións de TVG, S.A. en interiores e exteriores.

REQUISITOS

Posuír Ciclo Superior de Imaxe / Iluminación, captación e tratamento de imaxe.


Por ser contrato en prácticas, non deberon transcorrer máis de cinco anos desde a obtención do/s título/s requirido/s, seis no caso de minusvalía por riba do 33% (RD Lexislativo 1/1995 modificado por Lei 12/2001, e RD 488/1998, e RD 10/2010).

PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

Os membros de tribunal comprométense a garantir os principios contitucionais de igualdade, mérito e capacidade, ademais dos de publicidade e transparencia. Igualmente se comprometen a garantir o segredo das probas.

Os membros do tribunal reciben copia do art. 28.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Os membros do tribunal asinarán declaración de non atoparse incursos en ningún dos motivos previstos de abstención ou recusación unha vez se publique a listaxe de inscritos.



FUNCIÓNS DO TRIBUNAL

A asesora lingüista encargárase de poñer a proba de coñecemento de lingua galega e de valorala en exclusividade. O resto de membros do tribunal encargáranse de poñer as probas de desenvolvemento teórico e práctico, e de puntualas. O secretario non participará na elaboración das probas nin as puntuará.

Acordan publicar esta convocatoria e as seguintes publicacións do proceso na internet da CRTVG (www.crtvg.es/crtvg/oficina/emprego-e-practicas/ofertas-emprego) e na páxina de FP da Xunta de Galicia.

Os/as aspirantes con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ó 33% deberán facer constar na inscrición se precisan de adaptación de tempo e medios para a realización da proba.

O tribunal garantirá a adaptación que se considere necesaria para a participación nas probas en condicións de igualdade a aspirantes que padezan algunha discapacidade igual ou superior ó 33%, se for o caso.

Os aspirantes deberán cumprir coa normativa vixente respecto ás esixencias para poder traballar en España. Para a presentación a esta proba deberán traer o DNI ou outro documento acreditativo da súa personalidade.

En caso de empate, habendo nesta categoría laboral infrarrepresentación do sexo feminino, seguiranse, por esta orde, os criterios de desempate: 1) A favor da aspirante de sexo feminino. 2) A favor do/a aspirante que tivese maior puntuación na proba práctica. 3) A favor do/a aspirante de maior idade.

Ós aspirantes daráselles unha folla de consentimento voluntario de tratamento de datos.


PROBAS TEÓRICA E PRÁCTICA

A valoración de coñecementos farase a través de:

- Proba tipo test (50%). Sen penalización por pregunta mal contestada.
- Proba práctica (50%)
- Proba de lingua galega.

PROBA DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA

Os aspirantes que acrediten a posesión do certificado CELGA 4 non terán que realizar a proba de coñecementos de lingua galega. A proba de coñecementos de lingua galega terá un grao de dificultade consonte ó programa do certificado CELGA 4, e as súas cualificacións serán unicamente de apto ou de non apto. A cualificación de non apto significará a exclusión do proceso.

The bottom of the page features several handwritten signatures in blue ink. On the left, there is a signature that appears to be 'B. B. B. B.' followed by a horizontal line. To its right is another signature, possibly 'M. M. M.'. Further right, there are two more distinct signatures, one of which is quite large and stylized.

TEMARIO PARA AS PROBAS DE DESENVOLVEMENTO TEÓRICO E SUPOSTO PRÁCTICO

PROBA TEÓRICA:

Consistirá nun cuestionario tipo test de 30 preguntas sobre as seguintes materias:

Colorimetría e iluminación básicas
Óptica
Operación e elementos da cámara

PROBA PRÁCTICA:

Consistirá en operar unha cámara en plató.

INSCRICIÓN

Para a inscrición, os/as aspirantes deberán entregar en Recursos Humanos da CRTVG da súa sede en San Marcos ou enviar ó enderezo proceso.seleccion@crtvg.es un *curriculum vitae* indicando que é para esta proba e facendo constar, se se posúen, o requisito académico e o certificado CELGA 4. O período de inscrición remata o 13 maio de 2013, ás 12:00 h.

PROBA

Á proba poderanse presentar os/as aspirantes que figuren na listaxe definitiva de admitidos.

A proba será o 15 de maio de 2013, na sede da CRTVG en San Marcos, Santiago, ás 10:00 h. Os aspirantes deberán estar a esta hora na entrada das instalacións da CRTVG.

ACCESO AO POSTO DE TRABAJO

Os aspirantes seleccionados deberán presentar no momento da sinatura de contrato a acreditación dos requisitos esixidos, con copia compulsada dos títulos ou certificados académicos.

Os/as aspirantes deberán posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente contrato laboral. Só para estes efectos, a Compañía de Radio-Televisión de Galicia poderá esixir ós aspirantes seleccionados someterse a recoñecemento médico realizado polo servizo médico da empresa.

ASISTENCIA ADMINISTRATIVA

Esta proba terá asistencia administrativa de María Coral Gracia Oria, oficial administrativa do Servizo de Formación, Selección e Coordinación lingüística, sen que forme parte do tribunal.

En Santiago de Compostela, a 30 de abril de 2013.




Rebeca Batallán González
Operadora de cámara de TVG

Victorino Lourido García
Cámara de primeira de TVG
Presidente



Luz Méndez Fernández.
Lingüista de TVG



Paulino Novo Folgueira
Xefe do Servizo de Formación,
Selección e Coordinación Lingüística
Secretario